

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO
DO 11 DE FEBREIRO DE 2014 POLA QUE SE
DETERMINAN AS ÁREAS E CANDIDATOS/AS
SELECCIONADOS/AS DO PROGRAMA ESPECIAL DE
PROMOCIÓN DO PDI 2012-2013**

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saida Nº 201400002498
14/02/14 11:12:25

Por acordo do Consello de Goberno do 7 de maio de 2013, fíxose pública a Convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI 2012-2013 da Universidade de Vigo (curso 2012/2013).

Con data 25 de xuño de 2013, foi publicada a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar nesa convocatoria.

A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu, tal e como establece a convocatoria, os informes de avaliación das persoas candidatas elaborados por unha comisión de expertos externos no marco do convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a ACSUG.

Recibidas as alegacións, a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicitou da ACSUG a revisión ás cualificacións provisionais. Con data 21 de xaneiro de 2014 a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións recibiu os novos informes da CGIACA, no que se fundamenta a presente resolución.

A COAP, reunida o 10 de febreiro de 2014, fixo a selección de áreas e persoas candidatas segundo o procedemento establecido na convocatoria.

Por isto, esta Reitoría, segundo o acordo da COAP de data 10 de febreiro de 2014,

RESOLVE:

Determinar que nas prazas que se recollen no ANEXO I sexan convocadas prazas de Profesor Titular de Universidade ou Profesor Contratado Doutor nas condicións previstas na convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI 2012-2013 da Universidade de Vigo (curso 2012/2013) a petición das persoas seleccionadas no programa, que tamén se indican no ANEXO I.

As convocatorias de prazas ás que se fai referencia na presente resolución deberán contar, se é o caso, coas correspondentes autorizacións por parte das autoridades estatais ou autonómicas segundo o previsto na lexislación vixente.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de recibo desta notificación que se practica por correo certificado con aviso de recibimento de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, os interesados poderán optar por interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á notificación; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 11 de febreiro de 2014

O REITOR

Por delegación R.R. 11/09/2013

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo

ANEXO I

PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PDI 2012/2013

AREAS DE COÑECEMENTO E CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

Área de coñecemento onde será convocada a praza nas condicións previstas na convocatoria (en orde alfabética)	Candidato/a seleccionado/a que deberá solicitar a saída a concurso da mesma nas condicións previstas na convocatoria
Ciencia Política e da Administración	ROSA MARIA RICOY CASAS
Ecoloxía	CRISTINA SOBRINO GARCÍA
Ecoloxía	MARUXA ALVAREZ JIMENEZ
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	HIGINIO GONZÁLEZ JORGE
Enxeñaría Química	MARÍA REMEDIOS YÁNEZ DÍAZ
Enxeñaría Mecánica	ENRIQUE CASAREJOS RUIZ
Enxeñaría Telemática	FERNANDO ARIEL MIKIC FONTE
Física Aplicada	LUIS LUGO LATAS
Fisioloxía	MARCOS ANTONIO LÓPEZ PATIÑO
Fisioloxía Vexetal	M ^a ESTHER BARREAL MODROÑO
Historia Moderna	MARÍA SEIJAS MONTERO
Química Orgánica	ARMANDO NAVARRO VAZQUEZ
Xenética	ANGEL EDUARDO PEREZ DÍZ